

CURSO 2022/23

programación DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE GREGO  
IES BLANCO AMOR.

<b>XEFE/A DE DEPARTAMENTO</b> <b>MARGARITA SEARA PAZO</b>	<b>MATERIAS</b> <b>GREGO II: 2º BACHARELATO</b>  Completa horario con: <b>ORATORIA 2º ESO</b>
--	---

## GREGO II

### 1. Introducción e contextualización.

Como sempre, contamos cun grupo reducido de alumnado, o que supón unha gran vantaxe.

2. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Grego II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Lingua grega				
e f h	B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné.	B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.	GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CCL CD CCEC
d f	B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.	B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos	GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as	CCL CAA

		que permiten percibir este proceso de evolución.	diferencias que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.	
d e f	B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.	B1.3. Recoñecer a evolución da $\lambda\iota\gamma\iota\alpha$ grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico.	GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da $\lambda\iota\gamma\iota\alpha$ grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	CCL
Bloque 2. Morfoloxía				
d e f	B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais.	GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declinaas e sinala o seu equivalente en $\sigma\alpha\lambda\epsilon\sigma\sigma$ e/ou en castelán.	CCL
d e f	B2.2. Revisión da flexión verbal: conjugación atemática Modos verbais.	B2.2. Identificar, conjugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais.	GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en $\sigma\alpha\lambda\epsilon\sigma\sigma$ e/ou en castelán.	CCL
d e f	B2.3. Análise morfolóxica.	B2.3. Coñecer as categorías gramaticais.	GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.	CCL
d e f	B2.3 Análise morfolóxica.	B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das	GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras pronostas os seus formantes,	CCL

		palabras.	sinalando e diferenciando lexemas e afixos. e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.	
d e f	B2.3 Análise morfolóxica.	B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.	GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.	CCL
Bloque 3. Sintaxe				
d e f	B3.1. Estudo normenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal.	GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.	CCL
d e f	B3.1. Estudo normenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais.	GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.	CCL
d e f	B3.2. Usos modais.	B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega.	GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.	CCL
d e f	B3.3 Tipos de oracións e construcións sintácticas.	B3.4 Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.	GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.	CCL
d e f	B3.4 Oración composta Formas de subordinación.	B3.5 Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas.	GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.	CCL

d e f	B3.4. Oración composta. Formas de subordinación.	B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo.	GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	CCL
			GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándolas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	CCL
d e f i	B3.5. Análise, tradución e interpretación de textos.	B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos clásicos.	GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándolas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	CCL
			GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándolos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	CCL
<b>Bloque 4. Literatura</b>				
d e h i n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas,	GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos	CCL CCEC

		e as súas influencias na literatura posterior.	propostos.	
d e h i n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica oratoria e fábula.	B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite.	GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.	CMCCT CCEC
			GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	CCL
d e h i n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica oratoria e fábula.	B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental.	GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	CCL CCEC
d e h i n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica oratoria e fábula.	B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.	GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.	CCEC
d e h i n	B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica oratoria e fábula.	B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.	GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	CD CCEC
Bloque 5. Textos				
d e f	B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos.	B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os	GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica	CCL

n		elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.	e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	
d e g	B5.2. Utilizar o dicionario.	B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.	GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	CCL CD
d e f	B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa.	B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.	GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.	CCL CCEC
a d e h n	B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos pronostos, partindo de referencias tomadas dos pronios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	CSC CCEC
d n	B5.5. Identificación das características formais dos textos.	B5.5. Identificar as características formais dos textos.	GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	CCL
Bloque 6. Léxico				
d e	B6.1. Helenismos máis frecuentes	B6.1. Recoñecer os helenismos máis	GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis	CCL

f	do léxico especializado e común.	frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado. e remontalos aos étimos gregos orixinais.	frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	
d e f	B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras. obxecto de estudo de léxico común e especializado.	GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras. obxecto de estudo. a partir dos étimos gregos dos que proceden.	CCL
d e f n	B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.	GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	CCL
			GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	CCL
d e f n	B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	CCL
d e f	B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.	GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso	CCL

			e en outro.	
d e f	B6 4 Descomposición de palabras nos seus formantes.	B6 6 Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego. a derivación e a composición. para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.	GR2B6 6 1 Descomposición palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.	CCL
			GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego. para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	CCL

## AVALIACIÓN 1

**TEMA 1: FLEXIÓN NOMINAL:** repaso e ampliación. **FLEXIÓN VERBAL:** o futuro. **DURACIÓN APROXIMADA:** 15 días **CONTIDOS:** 1.- Revisión da flexión nominal: formas menos usuais e irregulares; 2.- Comparativos e superlativos regulares e irregulares; 3.- Numerais, determinantes e pronomes; 4.- Sintaxe dos casos e das preposicions. 5.-O futuro. 6.- Historia da literatura: a épica, Homero e Hesíodo. Características do xénero.

**ESTÁNDARES DE aprendizaxe BÁSICOS:** 1.-Recoñece calquera forma da flexión nominal e pronominal; recoñece as formas de futuro dun texto orixinal e sinxelo de Xenofonte, Platón, etc. 2.- Atopa esas formas no dicionario e tradúceas. 3.- Elabora un tema sinxelo sobre Homero e a Ilíada e Odisea: temas, ambiente, o



heroe homérico...

**TEMA 2: FLEXIÓN VERBAL:** o tempo pasado **DURACIÓN APROXIMADA:** 15 días **CONTIDOS** :1.- Revisión da flexión verbal tema de presente. O aumento: o imperfecto. O aoristo: aoristos (temático e sigmático); 2.- Formas nominais: repaso; infinitivo e participio; ampliación: os infinitivos e participios de aoristo 3.- Sintaxe do nominativo, do acusativo, do xenitivo e do dativo. 4.-Panorámica de historia de Grecia: as Guerras Médicas e a Guerra do Peloponeso..

**ESTÁNDARES DE aprendizaxe BÁSICOS:** 1.-Dada unha forma de imperfecto e aoristo atopa o seu presente no dicionario. Descompón estas formas nos seus morfemas. 2.-Traduce estas formas dentro dun texto sinxelo de Xenofonte, Platón,etc 3.-Elabora un tema sinxelo sobre os principais conflitos da historia grega.

**TEMA 3: A SUBORDINACIÓN DURACIÓN APROXIMADA:** 15 días **CONTIDOS:**1.- Introducción as subordinadas completivas; 2.- Introducción as subordinadas temporais; 3.- Introducción as subordinadas causais; 4.- Introducción as subordinadas finais; 5.- Subordinadas condicionais de estrutura elemental. A poesía lírica: clasificación. Alceo, Safo e Arquíloco: temas, características formais, transcendencia.

**ESTÁNDARES DE aprendizaxe BÁSICOS:**1.- Traduce con coherencia un texto

sinxelo de Xenofonte, ou Apolodoro e recoñece nel as formas verbais e nominais e, sobre todo, as estruturas de subordinación vistas neste trimestre empregando o dicionario. Compón un tema sinxelo sobre calquera dos aspectos da Lírica: clasificación e temas, autores principais.

#### **AVALIACIÓN: INSTRUMENTOS DE CONTROL DO TRABALLO DIARIO:**

Traballárase cos textos que a profesora entregará aos alumnos e eles terán que facer na clase e na casa. Valoraremos o traballo da clase con controis: recolla de traducións feitas na clase o una casa. Suporá un 50% da nota de avaliación..

EXAME DE AVALIACIÓN: DATA APROXIMADA: Novembro. CONTIDOS E

ESTRUTURA: Tradución e análise sintáctica de textos gregos, preferentemente orixinais, utilizando o dicionario. Análise de textos gregos para identificar os elementos morfosintácticos, principalmente oracións completivas con conxunción, de relativo, subordinadas de participio e de infinitivo. Penalizarán especialmente as fallas de concordancia.

#### **AVALIACIÓN 2**

**TEMA 4:** FLEXIÓN NOMINAL:repasso e ampliación. FLEXIÓN VERBAL: o futuro. DURACIÓN APROXIMADA: 15 días CONTIDOS: 1.- Revisión da flexión nominal: formas menos usuais e irregulares; 2.- Comparativos e superlativos

regulares e irregulares; 3.- Numerais, determinantes e pronomes; 4.-Sintaxe dos casos e das preposicións. 5.-O futuro. 6.- Historia da literatura: a épica, Homero e Hesíodo. Características do xénero. ESTÁNDARES DE aprendizaxe BÁSICOS: 1.- Recoñece calquera forma da flexión nominal e pronominal; recoñece as formas de futuro dun texto orixinal e sinxelo de Xenofonte, Platón, etc. 2.- Atopa esas formas no dicionario e tradúceas. 3.-Elabora un tema sinxelo sobre Homero e a Ilíada e Odisea: temas, ambiente, o heroe homérico...

**TEMA 5: FLEXIÓN VERBAL:** o tempo pasado DURACIÓN APROXIMADA: 15 días CONTIDOS :1.- Revisión da flexión verbal tema de presente. O aumento: o imperfecto. O aoristo: aoristos (temático e sigmático); 2.- Formas nominais: repaso; infinitivo e participio; ampliación: os infinitivos e participios de aoristo 3.- Sintaxe do nominativo, do acusativo, do xenitivo e do dativo. 4.-Panorámica de historia de Grecia: as Guerras Médicas e a Guerra do Peloponeso. . ESTÁNDARES DE aprendizaxe BÁSICOS: 1.-Dada unha forma de imperfecto e aoristo atopa o seu presente no dicionario. Descompón estas formas nos seus morfemas. 2.-Traduce estas formas dentro dun texto sinxelo de Xenofonte, Platón,etc 3.-Elabora un tema sinxelo sobre os principais conflitos da historia grega.

**TEMA 6: A SUBORDINACIÓN** DURACIÓN APROXIMADA: 15 días CONTIDOS:1.- Introducción as subordinadas completivas; 2.- Introducción ás

subordinadas temporais; 3.- Introducción as subordinadas causais; 4.- Introducción as subordinadas finais; 5.- Subordinadas condicionais de estrutura elemental. A poesía lírica: clasificación. Alceo, Safo e Arquíloco: temas, características formais, transcendencia. A Comedia e a traxedia: Asemblearias e Edipo Rei.

ESTÁNDARES DE aprendizaxe BÁSICOS:1.- Traduce con coherencia un texto sinxelo de Xenofonte, ou Apolodoro e recoñece nel as formas verbais e nominais e, sobre todo, as estruturas de subordinación vistas neste trimestre empregando o dicionario. Compón un tema sinxelo sobre calquera dos aspectos da Lírica, traxedia e comedia; temas, autores principais.

C.-AVALIACIÓN ◉INSTRUMENTOS DE CONTROL DO TRABALLO DIARIO:

Traballarase cos textos que a profesora entregará aos alumnos e eles terán que facer na clase e na casa. Valoraremos o traballo da clase con controis: recolla de traducións feitas na clase o una casa. Suporá un 50% da nota de avaliación..

EXAME DE AVALIACIÓN: DATA APROXIMADA: As datas anteriores á da avaliación fixada por xefatura no calendario escolar. CONTIDOS E

ESTRUTURA: Tradución e análise sintáctica dos textos orixinais, propostos pola CIUG utilizando o dicionario. Análise dos textos gregos para identificar os elementos morfosintácticos, principalmente oracións completivas con conxunción, de relativo, subordinadas de participio e de infinitivo. Penalizarán

especialmente as fallas de concordancia.

### AVALIACIÓN 3

Dedicaremos a terceira avaliación ao estudo e repaso da selecta de Xenofonte e Apolodoro proposta pola CIUG, así como das estruturas sintáctica e a morfoloxía.

Repasaremos tamén os posibles temas de realia e literatura dos autores propostos. Revisaremos os helenismos.

<b>Grao mínimo de consecución de cada estándar</b>	<p>Recoñecer nun texto orixinal breve a morfoloxía nominal e verbal.</p> <p>Utilizar correctamente o dicionario.</p> <p>Analizar morfolóxica e sintacticamente secuencias dos textos.</p> <p>Na sintaxe será básico distinguir as oracións principais da subordinadas.</p> <p>Coñecer con certa profundidade os xéneros literarios, autores e obras propostas pola CIUG</p> <p>Traducir con corrección os breves textos orixinais de prosa</p>
--	--

	<p>ática clásica.</p> <p>Responder a cuestións de tipo sociocultural tiradas dos contidos dos textos.</p> <p>Derivar e explicar helenismos a partir de vocabulario do texto traducido.</p>
--	--

<p><b>Instrumentos</b></p> <p><b>avaliación</b></p>	<p>Práctica diaria na aula.</p> <p>Probas parciais.</p> <p>Exame trimestral cunha estrutura exacta á unha proba de ABAU</p>
---	---

<p><b>Crterios</b></p> <p><b>calificación</b></p>	<p>Tradución de textos vistos e revisados 60%</p> <p>Morfoloxía ou sintaxe 10%, contidos socioculturais (realia)10%, helenismos 10%. Literatura 10%</p> <p>A nota final virá dada pola media ponderada das</p>
---	--

	avaliacións:  1ª avaliación 10%  2ª avaliación 20%  3ª avaliación 70%  PROBA EXTRAORDINARIA: mesma estrutura que a da 3ª avaliación: Proba global de mínimos cunha cualificación de 5 para aprobar.
--	---

**Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.**

Cada tema vai precedido dun guión para que os alumnos podan seguir as explicacións dun xeito máis coherente e podan organizar mellor os materiais. Os contidos teóricos son mínimos (explicacións no encerado ou fotocopias) e abundan os exercicios. Desde moi cedo introdúcese a práctica da tradución de textos orixinais de Xenofonte e Apolodoro.

O alumno debe introducirse na práctica do uso do dicionario grego-español.

Non hai libro de texto. Asumimos a multiplicación de traballo que isto comporta pero consideramos que non hai ningún libro no mercado editorial que cubra os

obxectivos e necesidades que comporta a aprendizaxe dunha lingua tan complexa e perfecta. Sirva como referencia a seguinte bibliografía para uso do profesor e elaboración de materiais didácticos:

- BALME & LAWALL (2003), *Athenaze I*. Oxford University Press (versión española: Griego 1. Editorial Oxford).

- UNIVERSITY OF CALIFORNIA (1992), *Thesaurus Linguae Graecae* (CD-ROM)

- PABÓN DE URBINA (múltiples ediciónes), Diccionario griego-español. Vox.

- BARBONE, A. (2007) *Ephòdion. Antologia di autore greci*. Accademia Vivarium Novum

- Outros recursos procedentes do fondo do departamento (filminas e vídeos), así como tirados de internet.

- Para a lectura das obras descargarán do sitio Web do instituto ou levarán un exemplar das do departamento.

### **Procedemento para a avaliación inicial**

Ao tratarse de alumnado que cursou 1º neste centro e coa mesma profesora non haberá proba inicial, como tampouco hai este curso alumnado que non cursase

Grego I



## **Procedemento de avaliación continua.**

1. Identificar e analizar, en textos orixinais gregos, os elementos morfosintácticos imprescindibles para a súa interpretación. O alumnado deberá demostrar a súa capacidade de recoñecemento dos elementos lingüísticos básicos da lingua grega nos seus aspectos morfolóxicos e sintácticos (reconstrución da flexión nominal, pronominal ou verbal dunha palabra partindo dun paradigma, recoñecemento de funcións sintácticas, identificación dos elementos da oración e dos indicadores básicos de subordinación).
2. Traducir textos gregos orixinais de Xenofonte e Apolodoro(25-30 palabras por texto) coa axuda do dicionario. Valorarase a elección correcta das estruturas sintácticas, das formas verbais, das equivalencias léxicas e da orde de palabras no proceso e resultado da tradución, así como a corrección ortográfica gramatical na lingua de tradución.
3. Identificar nos textos gregos términos que sexan orixe de helenismos modernos nas linguas oficiais de Galiza.
4. Responder a cuestións de tipo histórico-cultural inspiradas nos textos traducidos. Este criterio trata de comprobar a capacidade de situar historicamente a civilización grega e o coñecemento tanto dos acontecementos máis importantes que marcaron a súa historia, como as súas manifestacións

culturais máis significativas (arte, filosofía, ciencia,etc.).

5. Elaborar respostas a cuestións tiradas das lecturas obrigatorias do curso, tanto desde o punto de vista estrutural como de contido, estilo ou proxección da obra. Valorarase positivamente a capacidade de descubrir os parecidos e diferenzas entre o mundo grego clásico e actual así como a crítica de aspectos negativos: vinganza, escravitude, misoxinia, obscenidade da lingua, etc.

### **Procedemento de avaliación extraordinaria (BAC)**

Na avaliación extraordinaria a proba será similar á global de mínimos, e ambas similares á proba de Grego das ABAU cos criterios que quedaron fixados

### **Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes**

Non se dá o caso

### **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

Revisaremos se os materiais didácticos permiten a manipulación por parte dos alumnos e se son accesibles e atractivos.

Revisaremos en cada avaliación se a temporalización de cada tema estivo ben

planificada, se tiveron a dificultade adecuada e se foron significativas para o nivel de aprendizaxe.

Revisaremos se os alumnos estiveron motivados, progresaron e participaron adecuadamente.

Revisaremos se as medidas de atención á diversidade foron as adecuadas, se o uso das TIC foi suficiente tendo en conta os medios da aula, e se se incluíron os temas transversais.

En resumo, faremos unha análise reflexiva e autocrítica que axude a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

### **Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.**

Segundo vaia o curso avanzando iremos comprobando a eficacia desta programación, que non pretende outra cousa que introducir ao alumno de modo natural e progresivo na aprendizaxe e asimilación da lingua e civilización clásica grega. Con todo, os criterios de avaliación son:

- Posta en práctica dos acordos asumidos entre o profesor e os alumnos.
- Capacidade de resposta a un problema ou necesidade educativa que se presente.
- Valoración da necesidade de formación do profesor para avanzar

nalgunha liña de trabalo aberta.

- Comprobación de que os acordos adoptados resultan positivos para acadar os obxectivos propostos.
- Avaliación da utilización dos recursos humanos e materiais conforme aos criterios propostos nesta Programación.

## **MATERIA: ORATORIA 2º ESO**

### **1.-Introdución e contextualización.**

Trátase dunha materia nova para o alumnado e o segundo que a impartimos.

Temos todos os segundos da ESO, 5 grupos.

Previsiblemente atoparemos os mesmos problemas que o curso pasado:

En primeiro lugar temos TODO o alumnado; descoñecemos, de momento as dificultades que poden ter, se teñen ACIs ou doutro tipo. Estamos pendentes desta información. O que resulta evidente é que o alumnado do grupo de PMAR presentará deficiencias de comprensión, de expresión, de ortografía...

Por outra parte só temos 1 hora de clase á semana, o que non nos permite tampouco unha atención moi personalizada. Como suplilo? Recollendo moitos exercicios e corrixilos con moitas notas para facer que melloren na 1ª avaliación.

Traballar con eles na aula cando preparen exposicións e debates.

Outro atranco é o idioma: son castelán falantes na meirande parte e cústalles expresarse oralmente en galego, polo que non podemos ser moi estritos neste senso.

En canto á transversalidade, serán abordados practicamente todos os temas.

Por último, resaltar que non hai libros de texto e que nin guías e que o currículo que figura no DOG está pensado para máis horas de clase semanais e seguramente para alumnado máis maduro.

**2.-Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.**

TEMA 1:

**O DISCURSO PERSUASIVO ESCRITO**

DURACIÓN APROXIMADA: 5 SESIÓNS

CONTIDOS: 3.B1.1. Discursos persuasivos escritos. Tipos de discurso persuasivo.

Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos.

Características estilísticas.

B2.1. Concreción dunha mensaxe persuasiva. Trazos da mensaxe persuasiva: claridade e brevidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: Ler e comprender discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos, sobre todo publicidade que se adapte e artigos de opinión.

Elaborar un breve discurso persuasivo, claro.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE BÁSICOS:

- 1.- Identifica nos textos escritos os argumentos principais e a tese.
- 2.- Explica a intención do discurso.
- 3.- Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas.
- 4.- Identifica as estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais.
- 5.- Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva.

As Competencias clave serán basicamente CCL, Cívica, Aprender a aprender.

TEMA 2:

## **DISCURSO PERSUASIVO ORAL**

DURACIÓN APROXIMADA: 5 sesións

CONTIDOS: Discursos persuasivos orais en situacións formais (presentacións e debates) e informais. Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa.

Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas.

Pronuncia, voz, mirada, linguaxe corporal e presenza escénica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: escoitar e ver discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos analizando as súas partes

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE BÁSICOS:

- 1.-Identifica nos textos orais os argumentos principais e a tese.
- 2.-Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa.
- 3.-Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón.
- 4.- Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe.
- 5.- Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo.
- 6.- É capaz de elaborar, por imitación un breve discurso persuasivo que saberá ler con intención diante da clase.

As competencias clave: CCL, Aprender a aprender, Competencia Social e Cívica e en menor medida nesta avaliación o Sentido de iniciativa e espírito emprendedor e a conciencia e expresións culturais. A competencia dixital desenvolverémola nas seguintes avaliacións.

INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN

A profesora levará un rexistro pormenorizado de cada alumno cos marcadores dos estándares de cada tema. Recollerá dous exercicios escritos nesta avaliación analizando: un discurso escrito e outro en formato audiovisual. Nesta 1ª avaliación non haberá autoavaliación nin traballo en grupo.

Non hai exame de avaliación.

No que se refire aos CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, o traballo diario será valorado ata un 10% (intervencións nas aulas) e as probas orais e escritas cun 90.

A nota de avaliación será a media das anteriores.

Non hai recuperación: trátase de avanzar e mellorar deica fin de curso, no que haberá quendas de debates que serán o resultado do traballo de todo o curso.

## 2ª AVALIACIÓN

TEMA 3: PRESENTACIÓN DO DISCURSO PERSUASIVO: memoria

DURACIÓN APROXIMADA: 3 sesións

CONTIDOS: 1.-Memorización do discurso. 2.-Reglas mnemotécnicas. 3.-

Interiorización do discurso. 4.-Xestión emocional para falar en público

(entusiasmo, confianza e seguridade).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.



1.- Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto. 2.- Presenta un texto aprendido (Un mito)sen perder a improvisación e a espontaneidade.4.- Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio.

TEMA 4: PRESENTACIÓN DO DISCURSO PERSUASIVO: actio.

DURACIÓN APROXIMADA: 3 sesións

CONTIDOS:1.-Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. 2.-Kinésica: comunicación corporal. Tics. Espazo escénico.

Naturalidade. 3.-Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1.-Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia. Emprega con especial coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso. 2.- Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio. 3.- Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.

## AVALIACIÓN (4 sesións)

O alumnado irá preparando un discurso (PONENCIA) que será revisado antes da exposición. Durante as 3 últimas clases da avaliación, por orde de sorteo, cada alumno/-a disporá de 10 minutos para facer unha exposición sobre un tema de produción propia, apoiado por medios audiovisuais. Para a cualificación o resto da clase disporá dunha táboa na que figuren os marcadores de todos os estándares, coa porcentaxe de cada un. A profesora fará o mesmo. A nota media resultante será o 90% da nota de avaliación. A derradeira clase do trimestre será para revisar as cualificacións, apuntar os erros para mellorar e explicar como vai ser o último trimestre.

O 10% restante corresponderase co traballo diario: atención, participación... Non haberá recuperación deica fin de curso.

A táboa está formada polos seguintes marcadores co porcentaxe de puntuación.

Memoria. 20%

Improvisación. Espontaneidade 10%

Confianza. Seguridade. Serenidade 20%

Pronunciación (corrección, claridade, ritmo) 20%

Expresividade (pausas, silencios) 10%

Mirada, corpo, xestualidade, espazo. 10%

Adecuación das imaxes ao exposto 10%

### 3ª AVALIACIÓN

Neste último trimestre non haberá nada novo: será pór en práctica todo o asimilado, ver se se corrixiron os erros; a evolución das estratexias na busca de información e a necesaria crítica e criterio á hora de filtralas será prioritario ao longo das clases e supervisado e corrixido individualmente a medida que van traballando. Prepararán un debate de dous en dous, con temas sorteados, así como cal será o seu posicionamento (a favor, en contra).

Primeiramente buscarán información en internet, sempre supervisada, revisada.

Finalmente, e por sorteo, terá lugar o debate. Deberá comezar por unha breve introdución ao tema, apuntando os argumentos que levarán ao seu posicionamento ou conclusión. Comezará sempre o que estea a favor. Disporá de tres minutos. Seguirá o alumno/-a que estea en contra, coa mesma estrutura e tempo. Terán logo 10 minutos para o debate.

A profesora e o alumnado que fai de público disporán dunha táboa con marcadores onde se irán apuntando as puntuacións. Este exercicio será valorado polo o alumnado e a profesora ao 50%.

Os marcadores para avaliar o debate serán:

### EXPRESIÓN

(de 0 a 3 puntos)

- Exprésase con claridade, orde e boa dicción.
- Expresa xestos adecuados.
- Evita repeticións e silencios

#### ARGUMENTACIÓN

(de 0 a 3 puntos)

- Define ben os conceptos
- Deféndese adecuadamente dos ataques.
- Ataca ben os argumentos do/a contrincante: contra-argumenta.
- Usa ideas pertinentes ao tema e trata aspectos fundamentais.
- Evita erros, incoherencias, ambigüidades, falacias...

#### RESPECTO ÁS NORMAS

(de 0 a 2 puntos)

- Respecta a quenda de palabra.
- Mostra actitude de respecto aos contrincantes.

#### CAPACIDADE DE PERSUASIÓN

(de 0 a 2 puntos)

- Aporta orixinalidade ao debate.
- Aporta algunha perspectiva novidosa do tema tratado.
- Ten capacidade de convencer.

- Capacidade de improvisación

**Nota da terceira avaliación:** será a media ponderada das tres avaliacións: 20%, 20% e 60% respectivamente.

### **3.-Procedemento para a avaliación inicial**

Na primeira sesión pediremos por escrito os seus intereses sobre temas a tratar e mesmos sobre tipo de probas que nos servirá para detectar, xunto co Departamento de Orientación, problemas, ver niveis, et. En sucesivas sesións faremos que cada alumno interveña, con breves escenas teatrais, pois é fundamental determinar cal é a súa aptitude nunha materia que persegue falar en público sabendo expor con claridade argumentos e conclusións, reconducir o tema, contestar ás argumentacións contrarias con axilidade e certeza, e todo acompañado dunha boa linguaxe non verbal.

O nivel esixido a final de curso será de aprobado se é o da inmensa maioría do alumnado, pois hai que ter en conta nesta materia, ademais do que se aprende, as aptitudes coas que se chega á materia (medo escénico, timidez...)

Avaliaremos partindo do nivel de cada un e valorando as melloras.

### **4.-Procedemento de avaliación (ESO)**

Á parte de valorar as intervencións e o interese na clase (10%) recolleremos 2 exercicios no primeiro trimestre (90%). A nota será un indicador de progreso, sen máis consecuencias. Na segunda avaliación farán unha exposición memorizada ilustrada con imaxes que nos permitirá ir corrixindo erros, sobre todo na linguaxe non verbal, pero cuxa función será ir preparando o alumnado para falar en público seguindo unhas normas. A verdadeira avaliación será a do 3º trimestre, con debates entre eles previa investigación, e que nos dará o nivel acadado e a nota será a forma de recollelo. Por iso non haberá recuperacións, senón indicacións para mellorar.

A nota da terceira avaliación queda xa referida, así como os marcadores, criterios, etc.

NOTA AVALIACIÓN FINAL: DEBERÁ, DESPOIS DE RECUPERAR AS PROBAS SUSPENSAS, OBTENER A MEDIA DE 5.

- **Alumnado suspenso:** Para aquel alumnado que non obtivese a media de 5 na terceira avaliación, e só para eles, deberán ser recuperadas as probas cualificadas con menos de 5, ao longo do curso, independentemente de que a nota da avaliación na que se fixesen as probas fose de aprobado ou máis. Prepararemos actividades de reforzo individualizadas para este alumnado dirixidas a acadar as competencias de cada exercicio que se levarán a cabo durante o período entre a 3ª aval. e a avaliación final: Os exercicios serán os seguintes: Análise dun artigo

de opinión. Distingue partes dese discurso e é capaz de entender a mensaxe. Redacción dun artigo de opinión sinxelo. Escribe un breve discurso coas características dos artigos de opinión. Narra un mito. Memoriza e narra un breve mito poñendo en práctica as normas estudadas: ton, kinéssika, pausas, repentización e espontaneidade... Pode ser o mesmo da 1ª avaliación. Pronuncia un breve discurso motivacional. O tema é libre e pode ser o mesmo que traballou na 2ª avaliación. Presenta una breve ponencia. Será o mesmo tema que preparou para a 2ª avaliación. Participa nun debate. Esta vez e como novidade, o tema será o mesmo para todo o alumnado que debe recuperar esta parte. Os argumentos deben ser expresados con claridade e concisión. Daremos unha clase para a preparación.

- **Para o alumnado coa materia aprobada** prepararemos actividades de reforzo: prepararán un tema de debate no que deberán participar se queren subir a cualificación. Teranse en conta as seguintes normas: Cero: non aporta ningún argumento no debate ou non é capaz de expresalo con claridade e corrección. Un punto: participa aportando polo menos un argumento (ou un contra argumento) expresado con claridade e corrección. Respecto ás normas. Dous puntos: Participa activamente no debate aportando argumentos oportunos e orixinais. Respecto ás normas.

## **5.-Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes.**

## **6.-Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

Faremos unha valoración e reflexión sobre a planificación das actividades respecto á programación, do desenvolvemento da materia a partir da programación e a súa temporalización, así como da adecuación ao nivel do alumnado; da motivación espertada.

Creemos que o alumnado debe participar activamente nestas valoracións, polo que pasaremos a final e curso uns indicadores de logro específicos para eles.

Os xerais son:

Desenvolvemento

1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)
2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.
3. Amosa predisposición para aclarar dúbidas.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento do Proxecto.
5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.



6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.
9. Presenta actividades de grupo e individuais.
10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas...)

### **7.-Seguimento da avaliación**

1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
2. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.

7. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.
8. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
9. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron acadados suficientemente.
10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.

## Motivación

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.
  2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
  3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
  4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
  5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.
  6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
  7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.
- forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.

8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.
9. Presenta actividades de grupo e individuais.
10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas...)

### **8.-Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.**

Estes son os indicadores que utilizaremos:

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe.
2. Programa a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro.
3. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.
6. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.
7. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e aos intereses do alumnado.

8. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.

9. Coordínase co resto do profesorado do centro que poida ter contidos afíns.